



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar
15781 Santiago de Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U, PARA ELABORAR E PUBLICAR EN “LA VOZ DE GALICIA”, INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa en virtude do Decreto 135/2017, do 28 de decembro (DOG núm. 18 do 25/01/2018), por suplencia do secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que actúa en nome e representación desta, por delegación do conselleiro en virtude da Orde do 10 de xuño de 2016 (DOG núm. 131, do 12 de xullo), **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria formalizou coa CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de xuño de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir a través do xornal “La Voz de Galicia” contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería mediante mediante 7 monográficos de “Obxectivo: innova”, de oito páxinas cada un.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar
15781 Santiago de Compostela



A Consellería de Economía, Emprego e Industria considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria (incluída a forestal), do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

Por outra banda, a Corporación Voz de Galicia realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería Economía, Emprego e Industria en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa

Lourdes Ledo Moure



Xacobeo 2021

